

VIOLENCIA LABORAL (FÍSICA, PSICOLÓXICA E/OU SEXUAL)

Que se entende por violencia laboral?

Fálase de **violencia laboral** cando o persoal dun centro de traballo sofre **abusos, ameazas ou ataques** en circunstancias relacionadas coa súa actividade laboral, que poñan en perigo, implícita ou explicitamente, a súa seguridade, o seu benestar ou a súa saúde (física e/ou psíquica e/ou sexual).

Inclúe tanto a **violencia física**, como a **violencia psicolóxica** e as **violencias sexuais**:

Violencia física Agresión física sobre a persoa traballadora ou danos en propiedades da organización ou do persoal	Violencia psicolóxica Intimidación, ameazas, condutas de violencia psicolóxica susceptibles de causar dano psicolóxico e moral	Violencia sexual Calquera acto de natureza sexual non consentido ou que condicione o libre desenvolvemento da vida sexual en calquera ámbito público ou privado, incluíndo o ámbito dixital
Exemplos: • Agresións físicas internas • Agresións físicas externas (roubos etc.)	Exemplos: • Acoso psicolóxico ou <i>mobbing</i>	Exemplos: • Acoso sexual • Acoso por razón sexo • Ciberacoso (difusión de actos de violencia sexual, pornografía non consentida, extorsión sexual a través de medios tecnolóxicos etc.)

- A violencia no traballo a que se fai referencia, como risco laboral que é, recolle todas as condutas de violencia física, psicolóxica ou sexual que se produzan no contorno laboral interno, entre persoas traballadoras dunha mesma empresa, entre persoas traballadoras de diferentes empresas que presten servizos nun mesmo centro de traballo, entre persoas traballadoras e empresaria/s; e tamén a externa, que eventualmente se estableza entre a persoa usuaria/clienta e a persoa traballadora na prestación do servizo, así como a proveniente de persoas descoñecidas do exterior (non relacionadas co servizo que se presta).
- A violencia e o acoso laboral débense considerar, ademais de nos lugares de traballo, nos espazos de descanso, nas instalacións sanitarias, nos desprazamentos, as viaxes, os eventos, os traxectos entre o domicilio e o lugar de traballo e no marco das comunicacións e telecomunicacións relacionadas co traballo.
- A mellor forma de previr e poder xestionar os diferentes tipos de violencia é:
 - Mediante o establecemento de **protocolos específicos** para os diferentes tipos de violencia nas empresas, que establezan códigos de conduta ou códigos éticos que haxa que cumprir e que, ao mesmo tempo, permitan establecer con antelación un plan para a intervención inmediata, co fin de limitar ao máximo os efectos de posibles situacións de violencia e/ou acoso. Así pois, exemplos de protocolos serían os seguintes:
 - protocolo contra agresións físicas; protocolo contra roubos e atracos
 - protocolo para a prevención do acoso psicolóxico
 - protocolo para a prevención das violencias sexuais
 - A través da **concienciación** das persoas en materia de violencia e acoso psicolóxico e sexual.
 - A través da **formación** no coñecemento dos protocolos establecidos polas empresas.